



**Confederación Intersindical Galega**  
BANCA, AFORRO, SEGUROS E OFICINAS

**CONVENIO DE AFORRO**  
Comunicado nº 10

## **Poderán abrir polo serán, os sábados e non hai ¼ de paga**

O día 24 de outubro os sindicatos empresariais CCOO e CSICA asinaron o Convenio de Aforro, o Convenio con menor apoio sindical na historia do sector.

O pasado 4 de outubro a CIG-Aforro convocaba unha manifestación para protestar pola existencia dunha **negociación clandestina do Convenio Colectivo que tiña como fin abrir oficinas todas as tardes. O tempo deunos a razón**, o Convenio Colectivo abre a porta á desregulación da xornada laboral.



Manifestación Caixas de Aforros en Ourense o 4 de outubro

Ao longo dos últimos días os asinantes fixeron un alarde propagandístico, no que dicían que conseguiran un ¼ de paga, a suba do Plus Convenio e falaban de que conseguiran que librásemos ata o 50% dos xoves polo serán.

**Unha vez analizado o Convenio non atopamos o ¼ de paga, non libraremos o 50% dos xoves polo serán e inclúe a través das xornadas singulares a posibilidade de abrir oficinas polas tardes e incluso os sábados.**

Esta apertura de oficinas polo serán e os sábados deberá negociarse a nivel de empresa, sen que exista un horario máximo estipulado en Convenio, o que pode levar a unha guerra de horarios para beneficio das maiores Caixas de Aforros. Algunhas entidades anunciaron que non teñen intención de negociar a apertura... agás que se vexan forzadas pola competencia.

**En canto ás retribucións as altas direccións subiron os seus salarios un 24%, pero os nosos subirán o IPC e grazas.** A única retribución que **sube de xeito real é o Plus de Polivalencia (unha suba de entre un 0,05 e un 0,20 por riba do salario líquido anual).**

Cabe lembrar que este **Plus é unha compensación pola implantación da mobilidade funcional**, pola cal todos e todas **debemos realizar calquera función que nos impoña a empresa** e que **non teñamos definidas as funcións de cada posto de traballo**. Por ex., dende o pasado convenio o persoal administrativo ten a obriga de realizar funcións comerciais a cambio deste Plus.

**A suba do Plus de Convenio ten un sentido perverso:** cobrará menos o persoal que asume un maior número de novas funcións (persoal administrativo) e cobrarán máis aquelas persoas que menos novas funcións asumen (Nivel I).

En canto á libranza dos xoves polo serán, dicían **que libraríamos o 50% dos xoves, pero... inclúen neste cálculo os xoves do verán que nunca traballamos**. En todo caso, facendo historia, hai que lembrar que nos cambiaron algúns sábados (non traballabamos todos) por todas as tardes dos xoves no inverno. Agora a historia se repite e algunhas oficinas poderán volver abrir os sábados.

En resumo, as Caixas poderán abrir oficinas sábados e tardes, a cambio dun día mais de vacacións e 3 serán dos xoves libres no Nadal. Non hai  $\frac{1}{4}$  de paga, só sube o Plus de Polivalencia para compensar as novas funcións que temos a obriga de realizar pola mobilidade funcional.

O persoal das Obras Sociais queda, unha vez máis, fóra do Convenio. As empresas din que a Obra Social é a alma das Caixas, pero pórtanse co seu persoal como desalmados.



Galiza, 25 de outubro de 2007